



Nadal en Carballo

Do 5 de decembro de 2025
ao 6 de xaneiro de 2026





5
DEC

Acendido da iluminación de Nadal

18.30 h

Concerto da Banda Infantil
do CMUS

18.45 h

Acendido da iluminación
de Nadal

19.00 h

Concerto da Banda
Municipal de Música

Chocolatada

*Feiras
de Nadal*



Feira de artesanía

Do 6 ao 8 de decembro

Carpa da Praza do Concello

Sábado e domingo

De 11.00 a 14.30 h

De 17.00 a 21.00 h

Luns

De 11.00 a 14.30 h

De 17.00 a 20.00 h

Feiras de Nadal

Organiza Concellaría de Feiras e Mercados
Colabora Muebles Luís



DESDE 1994



Feira de artesanía | Exposición e venda

- | | |
|----------------------------------|-----------------------------|
| 1. Son Artesana | 12. Rakelúa – Arte en coiro |
| 2. Madeixalazos | 13. Xurumbelas |
| 3. Musical JR | 14. Maluca Lobe |
| 4. Anxóuxeres | 15. Amigurumis Cris |
| 5. Casa Curtis | 16. Agarimos feitos a man |
| 6. Cousas de Razo - Isa Bermúdez | 17. Nunico |
| 7. Crúa – María Barca | 18. Artesán - Fabián Lage |
| 8. Estilo Nil | 19. O Legado de Max |
| 9. Creacións Charo Rodríguez | |
| 10. Miss Bolboretas | Exposición |
| 11. Vivo Macramé | Curtidos Sofán |

PROGRAMA

6 DEC SÁBADO

11.00 h – Apertura da feira

De 11.30 a 13.00 h – Obradoiro infantil con Isa Bermúdez e María Barca

De 12.00 a 13.00 h – Obradoiro infantil con Yéssica Nantón

13.30 h – Pasarrúas cos gaiteros e cabezudos Os Viqueiras

14.30 h – Peche

17.00 h – Apertura

De 18.00 a 20.00 h – Obradoiro familiar con Fabián Lage

20.00 h – Presentación de disco *Sinfonía Bergantiños* Sergio Moure

21.00 h – Peche

7 DEC DOMINGO

11.00 h – Apertura

De 11.30 a 13.00 h – Obradoiro de cestería con Marilá

De 12.00 a 13.00 h – Obradoiro de bandexas de papel con Sara Iglesias

13.30 h – Pasarrúas coa Charanga Benofán

14.30 h – Peche

17.00 h – Apertura

De 18.00 a 20.00 h – Obradoiro de candil de Nadal con Fabián Lage

21.00 h – Peche

**8 DEC LUNS**

11.00 h – Apertura

12.00 h – Obradoiro de modelado de barro con María Barca

13.30 h – Pasarrúas con Dragonada de Art Monium

14.30 h – Peche

17.00 h – Apertura

De 18.00 a 19.00 h – Pintacaras para peques

19.00 h – Pasarrúas con Dragonada de Art Monium

20.00 h – Sorteo de cesta e clausura da feira

**Inscricións para os obradoiros, no posto de información da carpa de Nadal*

Nadal larpeiro

Cursos de cociña

Do 9 a 18 de decembro

Fórum Carballo

De 17.00 a 19.00 h

Queres sorprender a familia cun menú especial de Nadal? Nos cursos de cociña de Nadal aprenderás a preparar pratos de *chef* con produtos de tempada.

Catro cursos de dous días de duración
Imparte Chisco Ramos
Inscricións en carballo.gal



Nadal larpeiro



Menú de mercado 18 e 28 de decembro

Mercado municipal

A partir das 11.00 h

Degustación de pinchos elaborados con produtos que podes atopar nos postos do mercado municipal

II Feira do Mercado Social

11 de decembro

Carpa da Praza do Concello

De 11.00 a 20.00 h

Postos de venda e información, faladoiros, presentacións, actuacións musicais, contos, xogos, obradoiros, risos e moito máis!

Unha mancha de propostas para un consumo consciente a través da economía social e solidaria: un modelo que pon a vida no centro.

Organizan REAS Galicia e Concello de Carballo
Subvenciona Deputación da Coruña

Feiras de Nadal



II Feira doce

13 e 14 de decembro

Carpa da Praza do Concello

Sábado

De 11.00 a 14.30 h

De 17.00 a 21.00 h

Domingo

De 11.00 a 14.30 h

Feiras de Nadal

Organiza Concellaría de Feiras e Mercados
Colabora Muebles Luís



DESDE 1994



II Feira doce

Participantes

1. Panadaría
A Milagrosa
2. Panadaría Serrano
3. Panadaría Roiser
4. Zuccaro
5. Chisco Ramos
6. Mmmm Xeados!
7. Dulce Tentación
8. Arte Cachito
9. Terra Meiga
10. Pan con Chocolate
11. Break Time

Postos exteriores

1. Churrería María
2. *Coffee truck*
de Cafés Lúa
3. Garrapiñadas e
algodón de azucre
4. Castañeiro

PROGRAMA

13 DEC SÁBADO

11.00 h
Apertura

De 12.00 a 13.15 h
Obradoiro infantil de
repostaría

De 12.00 a 13.00 h
Pintacaras

13.30 h
Sesión vermú
Blues do País

14.30 h
Peche

17.00 h
Apertura

De 17.00 a 21.00 h
Por cada compra entregárase un
vale para un cucurucho de casta-
ñas (ata fin de existencias)

De 18.00 a 19.30 h
Obradoiro de pintura infantil
con Isa Bermúdez

De 17.30 a 20.30 h
Visita do paxe real



14 DEC DOMINGO

11.00 h

Apertura da feira

De 12.00 a 13.15 h

Obradoiro infantil de repostaría

13.30 h

Sorteo de cesta

13.30 h

Sesión vermú

Ukestra do Medio

14.30 h

Clausura



**Inscripcións para os obradoiros, no posto de información da carpa*

Cantos de Nadal

14 e 28 de decembro

Carpa, mercado e rúas do centro

Horario de mañá

Participan as agrupacións locais de música tradicional





*Nadal
rebuldeiro!*

Hohoho



Mundo Xogo

Do 19 ao 24 de decembro

Praza do Concello

Venres: de 17.00 a 20.00 h

Sábado-Domingo: de 11.00 a 14.00 / de 17.00 a 20.00 h

Luns-martes: de 17.00 a 20.00 h


Mércores: de 11.00 a 14.00 h

Todos os públicos

Patrocina Gestagua

Nadal rebuldeiro!

PLAYMOBIL WILTOPIA / PLAYMOBIL JÚNIOR / POLO PEPE
PIRATIX / ROLLY TOYS / CARRERA FIRST!



O polo Pepe

A partir de 3 anos

Espazo de xogo para os máis pequenos que poden potenciar a mente, desenvolver a habilidade de lectura e a imaxinación, á vez que se divirten coas súas personaxes favoritas dos libros.

Librería con toda a colección de *O polo Pepe*, piscina de bolas con tobogán, teatro de marionetas, peluches, táboas de exercicio, quebra-cabezas XXL e túnel de xogo.

Carrera First!

A partir de 4 anos

Átrévete a pilotar e competir contra outros intrépidos condutores e condutoras? Ven descubrir os circuitos Carrera First.

4 mesas de xogo con diferentes circuitos
1 mesa coche



Playmobil Júnior

Ata 4 anos

4 mesas oficiais tematizadas de Playmobil Júnior.

Material de xogo de Playmobil Júnior.



Playmobil Wiltopía

A partir de 4 anos

Con Playmobil Wiltopía os nenos e as nenas coñecen os animais, os seus coidados e o respecto cara a eles.

8 mesas oficiais tematizadas, xoguetes de diferentes temáticas, bonecos XXL e vitrinas oficiais.



Rolly Toys

A partir de 3 anos

ZONA DE XOGO:

Un universo de construción cheo de materiais de "obra" de xoguete para que a rapazada poida gozar e vivir unha experiencia do máis "construtiva".

Bloques xigantes
Camións de bombeiros
Tractores
Pas
Cascos

Petos
Carretas
Remolques
Carriños

Piratix

A partir de 4 anos

Suca os mares na zona de xogo, atopa tesouros e convértete no rei dos piratas.

6 mesas oficiais tematizadas, contedores de material Piratix, personaxes de Piratix, zona temón e barril mastro.





Xogando sen etiquetas

19 DEC VENRES

sobre a importancia da elección dos xoguets e do xogo, as maneiras para introducilo e xestionalo, os retos e dificultades que presenta o mercado e a necesidade de permitirlle a cada menor desenvolver os seus intereses sen limitacións baseadas en estereotipos sexistas.

Organizan Concellaría de Igualdade e Concellaría de Normalización Lingüística
Público: nenas/os ata 7 anos

Nesta actividade familiar, Laura Martínez Rey ofrecerá unha proposta dende o acompañamento, a observación e a protección, que lle permitirá a cada menor desfrutar dun espazo de xogo respectuoso co fin de explorar e crear e desenvolverse libre e responsable mentres se sente coidado/a. Ademais, as familias poderán reflexionar

Campamento infantil

22, 23, 24, 26, 29, 30, 31 DEC

2 XAN

De 10.00 a 14.00 h

De 3 a 12 anos

Taller de cociña de Nadal (galletas, árbores...)

Taller de manualidades (bólas para a árbore, postais...)

Xogos infantís

Taller de chapas

Experimentos con auga

Organiza Concellaría de Servizos Sociais e Igualdade

Inscripcións en carballo.gal



Equipo estupendo
(El capitán Spriki)



Nadal Pequespectacular

26, 29 e 30 de decembro

Pazo da Cultura

Nadal rebuldeiro!

VENDA ANTICIPADA

carballo.gal ou billeteira.carballo.gal (entradas con gastos de xestión)
a partir do 12 de decembro. Máximo 4/persoa

VENDA DIRECTA/ BILLETEIRA

O mesmo día da función na billeteira do Pazo da Cultura,
desde 90 minutos antes do inicio da actuación



26

CIA VÖEL

18.00 h

DEC

Nanuq (Circo e danza)

Pazo da Cultura

Público familiar / 45 minutos / Prezo ordinario: 7€ / Prezo reducido: 4€

Nanuq é unha historia de amizade sen prexuízos onde dous corpos e dúas máscaras crean, a través da poesía visual e das acrobacias, un mundo onírico onde todo pende do límite. Circo, danza e obxectos combínanse para ofrecer unha peza atemporal e universal, especialmente para o público máis novo.

Este ceo, coas súas cores, anuncia que algo está a piques de acontecer. E que podería acontecer ao outro lado do mundo onde nos coñecemos. Onde estes dous seres se coñeceron, con tanto que contar. Tanto que contar como os osos teñen soños.

Idea orixinal, dirección, escenografía e dramaturxia: Cia Voël / Interpretación en escena: Debi Cobos, Jordi Serra, Joan Bramon / Inspiración e coreografía animal: Enano / Audiovisuais: Julià Rocha / Espazo sonoro: Joan Bramon / Iluminación: Ignasi Solé / Acompañamento artístico: Magi Serra (ollo externo, coreografía e dramaturxia), Joan Ramon Graell (circografía

e técnicas de circo), Sebastià González (danza do león chino)

Colaboran Circo a Escena, La Red Española de Teatros, Auditorios y Festivales, Ministerio de Cultura-Inaem, Unión Europea-NextGenerationUE e Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

29

El Capitán Spriki

18.00 h

DEC

Equipo estupendo (Circo)

Pazo da Cultura

Público familiar / 54 minutos / Prezo ordinario: 7€ / Prezo reducido: 4€



Acrobacias, baile, cancións e moito humor chegan a Carballo con Equipo estupendo. Innumerables perigos ameazan o planeta e o Capitán Spriki necesitará a axuda do seu equipo de increíbles superheroes e a enerxía do público para acadar os seus obxectivos: eliminar todas as malas vibracións que xeran estes perigos. Un terremoto, unha bomba, o cambio climático, a contaminación e os seus propios traumas infantís serán algúns dos problemas aos que terán que enfrontarse das maneiras máis divertidas.

Elenco: Daniel Esteban (acrobacia), Teresa Magallón (trapedio dance), Ramiro Vergaz (malabares e cama elástica) e Aitor Esteban (látigos e pole dance) / Vestuario e escenografía: Agustina Cédola / Coreografía: Sara Anglada e Adrián Espinosa / Mirada externa: Marta Iglesias / Vídeo e fotografía: Zazel / Técnica: Guillermo Lafuente / Xestión de proxectos: Pascual Herrera.

Colaboran Circo a Escena, La Red Española de Teatros, Auditorios y Festivales, Ministerio de Cultura-Inaem, Unión Europea-NextGenerationUE e Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.



Nanuq
CIA VÖEL

30

DEC

Mago Teto

Galerock'n'Magic (*Maxia e música*)

18.00 h

Pazo da Cultura

Público familiar / 75 minutos

Prezo ordinario: 7€

Prezo reducido: 4€

O Mago Teto presenta *Galerock'n Magic*, un espectáculo que percorre a música galega dos anos 80 e 90 pasando pola música bravú do Xabarán Club, que marcou unha xeración e que mistura con maxia, con moito humor e con moitas sorpresas para todos os públicos.

Maxias : Teto / Guitarra eléctrica e voces : Mr. Cool / Baterista : Fer Risco / Técnico de iluminación e son: Javier Adán Ayude "Beca" / Audiovisual: Granero Video / Idea orixinal: Héctor Guerra / Composición e arranxos musicais: Ramón Orenco / Dirección artística: Fran Rei

Colaboran Circo a Escena, La Red Española de Teatros, Auditorios y Festivales, Ministerio de Cultura-Inaem, Unión Europea-NextGeneraciónUE e Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e Deputación da Coruña.





Nadal con Apego



26 DEC VENRES

2º andar

Mercado Municipal

Organiza Concellaría de
Normalización Lingüística

16.30 h

Visita do Apalpador · Entrada libre

17.30 h

Obradoiro de foliada

Inscripción previa en carballo.gal

18.30 h

Foliadiña de Nadal · Entrada libre

Nadal na biblio

10 DEC MÉRCORES

De 17.30 a 18.30 h

Os Ratos de Lonxedetodo presentan *O que non sabías do Nadal*

Un espectáculo de TrinkeTrinke Teatro

Público: nenos/as de 4 a 8 anos

Inscripcións en carballo.gal

20 DEC SÁBADO

10.30 h

Obradoiro de modelaxe de personaxes da literatura infantil en plastilina

Público: nenos/as de 5 a 8 anos

Organiza Deputación da Coruña

Inscripcións en carballo.gal

Laser Tag

MISIÓN RESCATE DO ESPÍRITO DO NADAL

Nadal rebuldeiro!

27 de decembro

De 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 h

Nenos/as a partir de 7 anos,
mocidade e público adulto

O laser tag é unha actividade dinámica e segura, deseñada para peques e maiores. Equipados/as con sensores e dispositivos láser inocuos, os/as participantes deben superar distintas misións para conseguir o seu obxectivo: rescatar o espírito do Nadal, roubado polos Travesos do Xeo.

Desenvolvemento

1. Instrucións iniciais: regras, seguridade e explicación da misión

2. Equipamento e preparación: entrega e revisión de sensores e división de equipos

3. Partidas por misións:

- Rolda 1: captura o agasallo máximo
- Rolda 2: defensa da estrela de Nadal
- Rolda 3: rescate do espírito do Nadal

4. Final e puntuacións: clasificación, mencións especiais e foto final.

Obxectivos da actividade

- Fomentar o traballo en equipo
- Mellorar a coordinación e a toma de decisións
- Ofrecer unha alternativa de lecer saudable durante as vacacións
- Promover a participación de mocidade e familias





Sergio García Mancebo

Nadal sobre rodas

29 de decembro

De 16.30 a 19.30 h

Durante toda a tarde, un autobús especialmente deseñado para Carballo, realizará unha ruta circular polos novos parques infantís da zona urbana: O Chorís, Rego da Balsa e Praza do Outeiro. As familias poderán subir e baixar as veces que queiran para que os nenos e nenas desfruten das renovadas zonas de xogos, que inclúen elementos singulares do noso concello: o carballo que nos dá nome, o antigo depósito de auga e o trolebús.

Colabora Autos Costa

Axenda CMUS Carballo

1 DEC

Audición de violoncello
18.00 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

Audición de percusión
18.00 h / Sala de conxunto instrumental

Audición de frauta
19.30 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

2 DEC

Audición de saxofón e acordeón
17.30 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

Audición de trompeta e trombón
19.00 h / Sala de conxunto instrumental

3 DEC

Audición de violín elemental
17.30 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

Audición de violín
19.00 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

4 DEC

Audición de piano
17.30 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

Audición de trompa
19.00 h / Salón de actos do Pazo da Cultura

5 DEC

Audición de viola
19.00 h / Salón
de actos do
Pazo da Cultura

*Banda infantil e
Banda municipal*
5 DEC / 19.00 h
Praza do Concello

12 DEC

**Intercambio da Orquestra
CMUS Carballo e CMUS Ferrol**
18.00 h / Auditorio do Pazo da Cultura

Audición de guitarra
19.00 h / Aula 13 do Pazo da Cultura

17 DEC

**Concerto cámara, conxuntos de acordeóns,
pianos e guitarras, *ensemble*, coro**
19.00 h / Auditorio do Pazo da Cultura

18 DEC

**Concerto de vento e os seus conxuntos,
percusión e iniciación *ensemble*, coro**
19.00 h / Auditorio do Pazo da Cultura

19 DEC

**Concerto de Nadal e conxuntos de
corda, orquestra**
17.00 h / Auditorio do Pazo da Cultura
Conxunto de violíns na Gala do Deporte
20.00 h / Auditorio do Pazo da Cultura





Xincana de elfos

2 XAN VENRES

Carpa da Praza do Concello

17.00 a 19.00 h

Xincana para bicis e patinetes, con animación e agasallos para todos e todas!

Espectáculo de clown *A xogar cos trasnos do Nadal*, con xogos musicais, cancións, globos e xogos interactivos.

Nadal rebuldeiro!



Cine de Nadal

3 de xaneiro

Carpa da Praza do Concello

Sesión infantil ás 17.00 h

Sesión de público adulto ás 20.00 h

Proxección de películas clásicas de Nadal
Posto de produtos doces

A festive Christmas-themed background. It features a close-up of a pine tree branch with green needles. A red and white striped candy cane is positioned vertically on the left. A gold, textured Christmas ornament hangs from a branch in the center-right. In the bottom right corner, a white sock with a red and black striped cuff and a cartoon dog illustration is visible. The text "Nadal no comercio" is overlaid in a stylized, cursive font.

*Nadal
no comercio*

**5 ao 5****DEC-XAN**

A Globoteca do CCA

Coincidindo co acendido oficial do Nadal, o 5 de decembro as luces da Globoteca do CCA volverán encher o Nadal de luz, cor e ilusión.

Situada nun céntrico local entre as rúas Desiderio Varela e Colón, a Globoteca permanecerá decorada con preto de 100 globos, dos que

70 agochan un premio directo de 100 € para gastar nos comercios participantes.

Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro, todas as persoas que merquen nalgún dos 72 establecementos adheridos poderán cubrir as súas rifas e depositalas na urna situada xunto a este espazo máxico, que interactuará co público visitante. Cantas máis rifas, máis ilusión... e máis posibilidades de gañar!

O 9 de xaneiro realizarase o sorteo, que este ano terá dous gañadores/as, que se repartirán os premios valorados en 7.200 €.

Organiza CCA Carballo / Patrocina Vázquez y Reino
Colaboran establecementos participantes

4**XAN**

Obradoiro solidario Circuíto PeKeCrossFit

Carpa da Praza do Concello

Deporte, inclusión, solidariedade e espírito comunitario son os ingredientes do circuíto de CrossFit Inclusivo, unha proposta lúdico - deportiva en beneficio da asociación deportiva Un Paso Máis.

O circuíto contará con distintas estacións adaptadas: probas de equilibrio, obstáculos, forza, axilidade, saltos, etc... A asociación Un Paso Máis achegará ademais actividades de sensibilización, como fútbol con balóns sonoros, retos adaptados para persoas con mobilidade reducida e xogos cooperativos.

Horario: de 12.00 a 14.00 e de 17.00 a 19.30 h

Público: nenos/as menores de 12 anos

Inscrición: 3 € por participante

Organiza CCA Carballo / Patrocina Vázquez y Reino
Colabora Concello de Carballo



NADAL en CARBALLO | 2025

20 ao 24
DEC

Visita de Papá Noel e os seus elfos

Horarios

Sábado a martes
17:30 – 20:30 h
Mércores
11:00 – 14:00 h

Papá Noel, acompañado polos seus elfos axudantes, recibirá os nenos e nenas na súa acolledora casiña de madeira, traída directamente de Laponia, que estará instalada xunto á carpa na Praza do Concello.

Organizan CCA Carballo e Concellaría de Promoción Económica



Horario comercial CCA Carballo

Aberto os sábados 13, 20 e 27 de decembro e o domingo 4 de xaneiro, en horario de mañá e tarde.



Bailes de Nadal

7 DEC **Martín Carrión**

De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal (2º andar)

14 DEC **Dúo Élite**

De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal (2º andar)

21 DEC **Dúo Nuevo Siglo**

De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal (2º andar)

Baile Pre Fin de Ano

28

DEC

Laura Añón, Ángel Sevilla e JJ Compota

De 19.00 a 23.00 h / Carpa da Praza do Concello

Posadoiro, uvas da sorte e animación para todos os públicos

4

XAN

Martín Carrión

De 18.00 a 21.00 h / Mercado municipal (2º andar)

Para todos os públicos / Organiza Concellaría de Terceira Idade



Cabalgata de Reis

Carballo / 5 de xaneiro



Saída ás 17.00 h do aparcadoiro do
Centro Comercial Bergantiños

Percorrido polas rúas de Carballo
Seguimento de itinerario en liña

Recepción real a partir das 19.30 h
na Praza do Concello

Máis info en carballo.gal

Organiza Concellaría de Cultura

Colaboran Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil de Carballo,
Servizo Municipal de Protección Civil, Policía Local de Carballo, Parque
de Bombeiros de Carballo, Brigada Municipal de obras, Centro Comercial
Bergantiños Hiper Gadis, bualá e Grupo Dimolk.

Cabalgatas de Reis nas parroquias



4 XAN

BÉRTOA / 14.00 h / Organiza: AVV Santa Eufemia de Bértoa

5 XAN

ARDAÑA / 16.00 h / Organiza: AVV Santa María de Ardaña

16.00 h / Saída do centro social de Ardaña

Cabalgata de Reis polos lugares da parroquia. Ao regreso, Melchor, Gaspar e Baltasar recibirán os nenos e nenas. Actividades infantís no centro social.

A BREA / 18.00 h / Organiza: AC Mestra Carmen Cancela

SÍSAMO / 17.00 h / Organiza: AX Santiago Apóstolo

VERDILLO / 17.00 h / Organiza: AC Arume Verdillo

6 XAN

CANCES / 09.00 h / Organiza: AC San Campio de Cances

Durante a mañá, cabalgata de Reis por toda a parroquia. Ao remate, na misa da capela, Cantos de Nadal coas Cantareiras San Campio.

SOFÁN / 09.00 h / Organiza: AAVV San Salvador de Sofán

Itinerarios e horarios como en anteriores edicións

Organizan asociacións das distintas parroquias / Colabora Concello



Cances

14 DEC *Raiñas a escena*

18.00 h / Centro social de Cances

Aula Municipal de Teatro

Entrada libre ata completar capacidade

21 DEC *Visita de Papá Noel*

18.00 h / Centro social de Cances

Festival musical con maxia

Entrada libre ata completar capacidade

Entrecruces

21 DEC *Visita de Papá Noel*

16.30 h / Centro Social de Entrecruces

Organiza AC San Xens de Entrecruces

Lema

13 DEC *Obradoiro floral*

19.00 h / Centro social de Lema

Con Deva Floristas

20 DEC *Obradoiro, merenda Papá Noel*

16.00 a 19.00 h / Centro social de Lema

Obradoiro infantil de sobres e cartas de Nadal con Anxóuxeres

Merenda de Nadal

Visita de Papá Noel

18 XAN *Chocolatada do Neno Xesús*

14.00 h / Centro social de Lema

Organiza AC Ría de Lema

Verdillo

29 NOV *Nadal Arumieiro*

17.00 h / Centro social de Verdillo

Obradoiro de Nadal (inscrición previa)

27 DEC *Pequefesta Fin de Ano*

18.00 h / Centro social de Verdillo

Inscrición previa



Parroquia de San Xoán Bautista

Dende o **17 NOV** Campaña Kilo-Litro / Operación €

11 a 13 DEC Taller de decoración navideña e arte floral

12 e 14 DEC Campañas "Prepara o Nadal na túa parroquia, na túa casa e no teu corazón" e "Sementadores de estrelas"

20 DEC Pregón do Nadal, a cargo **Ana García**, fotoperiodista da Voz de Galicia. Recital de panxoliñas: Coros parroquiais, Coral de Bergantiños e Coro Aires de Bergantiños
20.00h

21 DEC Acto intercultural dos latinos residentes en Bergantiños. Misa con aguinaldos de cada país e degustación de produtos típicos
20.00h

22 DEC Visita dos confirmandos á residencia Domus Vi

24 DEC **20.00 h.**
Misa do galo e inauguración do belén do adro e dos beléns instalados na igrexa
21.00 h.
Cea de Noiteboa en familia no Centro Social

25 DEC Escenificación do nacemento vivente na misa de Nadal
12.30h

27 DEC Celebración comunitaria das vodas de diamante, ouro e prata matrimoniais
20.00h

1 XAN Misa solemne de Ano Novo
Distribución do calendario 2026
12.30h

6 XAN Solemne misa de Reis
Escenificación da adoración dos Reis Magos na misa de Reis
12.30h

Organizan: A.X. Fogar da Xuventude, CIM A Xanela, A. Pais Católicos, Centro Social San Xoán Bautista, Catecismo Parroquial

*Vaite logo meu ninín / miña neniña,
marcha agora pra a camiña,
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.
Mañá é día de cachela
que haberá gran nevarada
e vai vir o Apalpador
cunha mega de castañas.
Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.*

Cantiga popular

Bo Nadal!



Nadal en Carballo

2025